# ANEXO XIII
# MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15005233 | Agra do Orzán | Coruña (A) | 2023/2024 |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|---|---|---|---|---|---|
| AFD | Actividades físicas e deportivas | CSAFD01 | Ensinanza e animación sociodeportiva | Ciclos formativos de grao superior | Réxime xeral-ordinario |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|---|
| MP1142 | Actividades físicodeportivas para a inclusión social | 2023/2024 | 6 | 105 | 126 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

| | |
|---|---|
| **Profesorado asignado ao módulo** | ANA MARÍA MARTÍNEZ RIVERA,MARÍA ROMERO GESTO (Subst.) |
| **Outro profesorado** | |

Estado: Pendente de supervisión departamento

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O crecemento que está a experimentar o sector da a actividade física e da saúde nos colectivos dos que trata este módulo é moi importante e no noso ámbito de influencia xeográfica (concellos de Coruña, Oleiros, Culleredo, Cambre, etc.) non queda atrás. Existe un abano amplo de iniciativas, tanto públicas como privadas, propias de este sector. Tamén os centros escolares, clubs deportivos, empresas de servizos deportivos etc., son cada vez mais conscientes da importancia de incluír e programar actividades para colectivos de maiores e persoas con diversidade funcional. A saída profesional do noso alumnado está garantida.

Debido a situación socio-sanitaria vivida recentemente ponse de manifesto a necesidade de mantemento e mellora de o estado de forma en todos os colectivos sociais sen esquecer os máis vulnerables incluso nesta situación particular. Polo tanto, neste momento e nun futuro próximo seguira sendo importante a presenza de técnicos deportivos con coñecementos relativos as ensinanzas deportivas tanto de persoas con discapacidade, maiores e persoas en risco de exclusión social.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) | Resultados de aprendizaxe | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | 114200 | | | | | | |
| | | | | | RA 1 | RA 2 | RA 3 | RA 4 | RA 5 | RA 6 | RA 7 |
| 1 | Programación de actividades de inclusion sociodeportiva para colectivos de persoas maiores | Características das persoas maiores, avaliación das súas capacidades,obxectivos e adaptacións dos programas. | 18 | 14 | X | | | | | | |
| 2 | Programación de adaptacións de actividades fisico-deportivas para a inclusión de persoas con discapacidade | Discapacidade, conceptos e tipos, adaptacións das actividades en función das diferentes discapacidades, medios,, recursos e estratexias metodolóxicas. | 18 | 16 | | X | | | | | |
| 3 | Programación de actividades de inclusion sociodeportiva para colectivos de persoas en risco de exclusión social | Características psicosociais específicas, obxectivos, actividades e estratexias de intervención, promoción de valores. | 18 | 14 | | | X | | | | |
| 4 | Estratexias de intervención sociodeportiva para persoas maiores | Aplicación practica de técnicas de intervención adaptando materiais, recursos e espazos. | 18 | 14 | | | | X | | | |
| 5 | Estratexias de intervención sociodeportiva para persoas con discapacidade | Aplicación practica de técnicas de intervención adaptando materiais, recursos e espazos. | 18 | 14 | | | | | X | | |
| 6 | Estratexias de intervención sociodeportiva para persoasen risco de exclusión | Aplicación practica de técnicas de intervención adaptando materiais, recursos e espazos. | 18 | 14 | | | | | | X | |
| 7 | A avaliación do proceso de inclusión | Modelo de avaliación, indicadores, instrumentos, conclusións e melloras. | 18 | 14 | | | | | | | X |
| | | Total: | 126 | | | | | | | | |

## 4. Por cada unidade didáctica

### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Programación de actividades de inclusion sociodeportiva para colectivos de persoas maiores | 18 |

### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Programa actividades de inclusión sociodeportiva para colectivos de persoas maiores, analizando a influencia da práctica de actividade físico-deportiva sobre as variables do proceso de avellentamento | SI |

### 4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1.1 Comprender, coñecer e analizar diversos contidos do tema: proceso avellentamento, característisticas e patoloxías. | 1 | Explicacóns teóricas do tema. | 6,0 |
| 2.1 Deseñar programas espeficicos tendo en contar as caracteristicas deste colectivo. | 2 | Especificacións sobre o tema, exemplificacións, programas fisicodeportivos. | 6,0 |
| 3.1 Coñecer e delimitar os beneficios e contraindicacións, factores de risco e idoneidade dos recursos. | 3 | Adaptacións e estratexias metodolóxicas, beneficios e contraindicacións. | 4,0 |
| 4.1 Valorar o propio nivel de coñecemento do alumnos. | 4 | Indagacións, valoracións dos coñecementos dos alumnos sobre o tema. | 2,0 |
| | | TOTAL | 18 |

### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA1.1 Identificáronse e contrastáronse instrumentos de valoración e rexistro das características físicas, fisiolóxicas, psicolóxicas e sociolóxicas das persoas maiores | • PE.1 | S | 10 |
| CA1.2 Propuxéronse distintos métodos de avaliación da condición física e a valoración funcional das persoas maiores | • PE.2 | S | 10 |
| CA1.3 Identificáronse os principais factores de risco en relación á actividade física realizada de maneira regular e sistemática | • PE.3 | S | 8 |

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA1.4 Identificáronse as principais patoloxías asociadas a este sector de poboación e a súa relevancia na práctica de actividades físicas e deportivas | • PE.4 | S | 8 |
| CA1.5 Formuláronse obxectivos específicos para os programas de inclusión sociodeportiva dirixidos ás persoas maiores, nos ámbitos motor, psicolóxico e social | • PE.5 | S | 8 |
| CA1.6 Deseñáronse e adaptáronse programas específicos de actividades físicas para a mellora dos aspectos motores, psicolóxicos e sociais afectados polo proceso de avellentamento | • PE.6 | S | 8 |
| CA1.7 Potenciouse a práctica da actividade física e deportiva como un elemento de prevención, fomento, desenvolvemento e rehabilitación da saúde | • PE.7 | S | 8 |
| CA1.8 Seleccionáronse medios, recursos e axudas técnicas necesarias para a realización das actividades físico-deportivas por parte das persoas maiores | • PE.8 | S | 8 |
| CA1.9 Establecéronse estratexias metodolóxicas e orientacións didácticas de intervención que favorezan a participación das persoas maiores nas actividades | • PE.9 | S | 8 |
| CA1.10 Determinouse a importancia dos programas de actividade físico-deportiva na interacción social, consecución de autonomía e mellora da saúde das persoas maiores | • PE.10 | S | 8 |
| CA1.11 Analizouse a idoneidade dos recursos, os espazos e as instalacións para utilizar nas actividades de inclusión sociodeportiva para colectivos de persoas maiores | • PE.11 | S | 8 |
| CA1.12 Tivéronse en conta as medidas de prevención de riscos e seguridade nas instalacións onde se realicen as actividades de inclusión sociodeportiva para colectivos de persoas maiores | • PE.12 | S | 8 |
| | | TOTAL | 100 |

## 4.1.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Proceso de avellentamento: características físicas, fisiolóxicas, psicolóxicas e sociolóxicas das persoas maiores. |
| 0Medidas de prevención de riscos, seguridade e saúde nas instalacións nas que se realicen as actividades de inclusión sociodeportiva para colectivos de persoas maiores. |
| Detección de factores de risco en persoas maiores, para a súa incorporación nun programa de actividade física. Control sistemático e continuo durante o programa. |
| Instrumentos de valoración dos aspectos fisiolóxicos no ámbito da actividade física. Avaliación da condición física e valoración funcional. |
| Patoloxías asociadas ás persoas maiores e a súa relevancia para a práctica de actividades físicas e deportivas: diabetes, osteoporose, artrose, etc. |
| Programas específicos de actividades físico-deportivas para persoas maiores. Orientacións no ámbito fisiolóxico. Beneficios e contraindicacións. |
| Obxectivos e adaptacións para os programas de inclusión sociodeportiva dirixidos ás persoas maiores nos ámbitos motor, psicolóxico e social. |

| Contidos |
|---|
| Estratexias metodolóxicas e recomendacións didácticas de intervención que favorezan a participación das persoas maiores nas actividades de inclusión sociodeportiva. Proceso de comunicación nas actividades. Técnicas de intervención grupal. |
| Importancia dos programas de actividade físico-deportiva na interacción social das persoas maiores. Beneficios do exercicio físico sobre os aspectos psicolóxicos e sociolóxicos. |
| Idoneidade dos recursos, as instalacións e os espazos utilizados nas actividades de inclusión sociodeportiva para colectivos de persoas maiores. |

## 4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br><br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Explicacóns teóricas do tema. - Proceso de avellentamento e patoloxías asociadas. | • Explica os conceptos e aspectos teóricos do tema, fai preguntas aos alumnos sobre o explicado. | | • Apuntamentos das preguntas feitas polo profesor. | • Libro de texto, canón e ordenador. | • PE.1<br>• PE.2<br>• PE.3<br>• PE.4 | 6,0 |
| Especificacións sobre o tema, exemplificacións, programas fisicodeportivos. - programas fisicodeportivos adaptados, valoración dos aspectos fisiolóxicos. | • Explicación teórica do tema exemplificacións de programas fisicodeportivos adaptados. | | • Apuntamentos das preguntas feitas polo profesor. Exemplos prácticos, debate sobre os mesmos. | • Libro de texto, canón e ordenador, videos de diferentes propostas. | • PE.5<br>• PE.6<br>• PE.7 | 6,0 |
| Adaptacións e estratexias metodolóxicas, beneficios e contraindicacións. - Idoneidade dos programas, riscos, recursos, instalacións e espazos | • Explicacións sobre o tema, esposición de traballos ou exemplos con diferentes metodoloxías. | | • Apuntamentos das preguntas feitas polo profesor. Exemplos prácticos e debate. | • Libro de texto, canón e ordenador, videos de diferentes propostas. | • PE.8<br>• PE.9<br>• PE.10<br>• PE.11 | 4,0 |

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br><br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| | | | | | • PE.12 | |
| Indagacións, valoracións dos coñecementos dos alumnos sobre o tema. - proba, preguntas ou exame teórico. | | • Contestar ás preguntas do exame escrito. | • Respostas ás preguntas relacionadas no exame escrito. | • Preguntas en papel. | • PE.1<br>• PE.2<br>• PE.3<br>• PE.4<br>• PE.5<br>• PE.6<br>• PE.7<br>• PE.8<br>• PE.9<br>• PE.10<br>• PE.11<br>• PE.12 | 2,0 |
| | | | | | TOTAL | 18,0 |

## 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Programación de adaptacións de actividades fisico-deportivas para a inclusión de persoas con discapacidade | 18 |

## 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA2 - Programa adaptacións de actividades físico-deportivas para a inclusión de persoas con discapacidade en grupos ordinarios, analizando as modificacións necesarias en función do tipo de discapacidade | SI |

## 4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1.1 Comprender, coñecer e analizar diversos contidos do tema. | 1 | Explicacóns teóricas do tema. | 6,0 |
| 2.1 Deseñar adaptacións das actividades fisicodeportivas e programas especificos de actividade. | 2 | Especificacións sobre o tema, programas especificos de actividade fisicodeportiva. | 6,0 |
| 3.1 Coñecer e profundizar nos diferentes aspectos dos programas, espazos, instalacións, accesibilidade e riscos. | 3 | Avaliación dos programas realizados. | 4,0 |
| 4.1 Valorar o propio nivel de coñecemento do alumnos. | 4 | Indagacións, valoracóns dos coñecementos dos alumnos sobre o tema. | 2,0 |
| | | TOTAL | 18 |

## 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA2.1 Analizáronse as características morfolóxicas, fisiolóxicas e condutuais das persoas con discapacidade | • PE.1 | S | 10 |
| CA2.2 Deseñáronse adaptacións das actividades físico-deportivas para a inclusión de persoas con discapacidade física, establecendo as máis adecuadas ás súas necesidades e posibilidades, e atendendo aos obxectivos dos programas | • PE.2 | S | 10 |
| CA2.3 Deseñáronse adaptacións das actividades físico-deportivas para a inclusión de persoas con discapacidade intelectual establecendo as máis adecuadas ás súas necesidades e posibilidades, e atendendo aos obxectivos dos programas | • PE.3 | S | 10 |
| CA2.4 Deseñáronse adaptacións das actividades físico-deportivas para a inclusión de persoas con discapacidade sensorial establecendo as máis adecuadas ás súas necesidades e posibilidades, e atendendo aos obxectivos dos programas | • PE.4 | S | 10 |
| CA2.5 Seleccionáronse os medios, os recursos e as axudas técnicas específicas que facilitan a realización das actividades físico-deportivas en función do tipo de discapacidade | • PE.5 | S | 10 |
| CA2.6 Establecéronse estratexias metodolóxicas e orientacións didácticas que favorezan a comunicación coas persoas con discapacidade e a súa intervención nas actividades físico-deportivas | • PE.6 | S | 10 |

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA2.7 Deseñáronse estratexias na práctica que propicien situacións de colaboración e cooperación entre as persoas participantes | • PE.7 | S | 10 |
| CA2.8 Determinouse a importancia dos programas de actividade físico-deportiva na interacción social, na consecución de autonomía e na mellora da saúde nas persoas con discapacidade | • PE.8 | S | 10 |
| CA2.9 Analizouse a idoneidade dos recursos, das instalacións e dos espazos utilizados nas actividades de inclusión sociodeportiva para persoas con discapacidade, identificando as barreiras arquitectónicas | • PE.9 | S | 10 |
| CA2.10 Propuxéronse solucións para garantir a accesibilidade ás instalacións das persoas con discapacidade | • PE.10 | S | 5 |
| CA2.11 Tivéronse en conta as medidas de prevención de riscos e seguridade nas instalacións onde se realicen as actividades de inclusión sociodeportiva para persoas con discapacidade | • PE.11 | S | 5 |
| | | TOTAL | 100 |

## 4.2.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Discapacidade. Tipos de discapacidade: física, sensorial e intelectual. |
| 0Barreiras arquitectónicas. Adaptacións do espazo e do material. |
| Accesibilidade ás instalacións para as persoas con discapacidade. |
| Medidas de prevención de riscos, seguridade e saúde nas instalacións onde se realice nas actividades de inclusión sociodeportiva para persoas con discapacidade. |
| Características morfolóxicas, fisiolóxicas e condutuais diferenciais das persoas con discapacidade física, sensorial e intelectual. Valoración funcional. |
| Obxectivos dos programas de actividades de inclusión para persoas con discapacidade. |
| Actividades físico-deportivas adaptadas. Criterios que cómpre ter en conta na proposta de adaptacións. Medios e axudas técnicas específicas. Posibilidades segundo grao e tipo de discapacidade. |
| Estudo do control de continxencias. |
| Implicación das persoas con discapacidade nas actividades físico-deportivas. Técnicas para impulsar a participación e a confianza. |
| Estratexias metodolóxicas e recomendacións didácticas que favorezan a comunicación das persoas con discapacidade nas actividades físico-deportivas. |
| Estratexias na práctica que permitan agrupamentos flexibles, roles e funcións das persoas participantes, propiciando situacións de colaboración e cooperación. |
| Importancia dos programas de actividade físico-deportiva na interacción social das persoas con discapacidade. As actividades sociodeportivas integradoras. |

## 4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br><br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Explicacóns teóricas do tema. - Discapacidade conceptos e tipos, características morfolóxias, fisiolóxicas e conductuais. | • Explicacións teóricas-prácticas por parte do profesor. | | • Apuntamentos das preguntas feitas polo profesor, exercicios prácticos. | • Libro de texto, canón e ordenador, videos explicativos. | • PE.1<br>• PE.2<br>• PE.3<br>• PE.4 | 6,0 |
| Especificacións sobre o tema, programas especificos de actividade fisicodeportiva. - programas e actívides físicas específicas, materiais, espazos. | • Exemplificacións sobre o tema. | | • Debate, posta en común das diferentes propostas. | • libro de texto, canón e ordenador, videos de diferentes propostas. | • PE.5<br>• PE.6<br>• PE.7 | 6,0 |
| Avaliación dos programas realizados. - Diferentes aspectos dos programas, espazos, instalacións, accesibilidade e riscos. | • Postas en común das diferentes propostas, análise. | | • Debate, posta en común das diferentes propostas. | • Libro de texto, canón e ordenador, videos de diferentes propostas. | • PE.8<br>• PE.9<br>• PE.10 | 4,0 |
| Indagacións, valoracóns dos coñecementos dos alumnos sobre o tema. - Proba, preguntas ou exame teórico. | • Preguntas aos alumnos. | | • Preguntas relacionadas no exame escrito | • Preguntas en soporte escrito. | • PE.1<br>• PE.2<br>• PE.3<br>• PE.4<br>• PE.5 | 2,0 |

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| | | | | | • PE.6<br>• PE.7<br>• PE.8<br>• PE.9<br>• PE.10<br>• PE.11 | |
| | | | | | TOTAL | 18,0 |

## 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Programación de actividades de inclusion sociodeportiva para colectivos de persoas en risco de exclusión social | 18 |

## 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA3 - Programa actividades de inclusión sociodeportiva de persoas en risco de exclusión social, analizando a influencia da práctica de actividade físico-deportiva sobre os niveis de socialización dos colectivos | SI |

## 4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1.1 Comprender, coñecer e analizar as características psicosociais específicas. | 1 | Explicacóns teóricas  do tema: a exclusión social. | 12,0 |
| 2.1 Analizar a idoneidade dos recursos, das instalacións e dos espazos. | 2 | medidas de prevención de riscos, seguridade e viabilidade dos programas. | 4,0 |

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 3.1 Valorar o propio nivel de coñecemento do alumnos. | 3 | Indagacións sobre o tema | 2,0 |
| | | TOTAL | 18 |

## 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA3.1 Analizáronse as características psicosociais específicas que concirnen á intervención sociodeportiva en colectivos con risco de exclusión social | • PE.1 | S | 12 |
| CA3.2 Formuláronse obxectivos específicos e modelos de intervención sociodeportiva para cada tipo de situación de risco de exclusión social, en consonancia coa orientación da intervención das institucións de referencia | • PE.2 | S | 14 |
| CA3.3 Deseñáronse actividades físico-deportivas que potencien as habilidades de relación en contornos e colectivos que sofren risco de exclusión social | • PE.3 | S | 14 |
| CA3.4 Establecéronse estratexias de intervención e orientacións didácticas que favorezan a comunicación e a participación dos colectivos e as persoas en situación de risco de exclusión social | • PE.4 | S | 12 |
| CA3.5 Promocionáronse os valores a través das actividades físico-deportivas de inclusión | • PE.5 | S | 12 |
| CA3.6 Analizouse a influencia da actividade física para o desenvolvemento social e humano no ámbito da inclusión | • PE.6 | S | 12 |
| CA3.7 Analizouse a idoneidade dos recursos, das instalacións e dos espazos utilizados nas actividades de inclusión sociodeportiva de persoas en risco de exclusión social | • PE.7 | S | 12 |
| CA3.8 Tivéronse en conta as medidas de prevención de riscos e seguridade nas instalacións onde se realicen as actividades de inclusión sociodeportiva de persoas en risco de exclusión social | • PE.8 | S | 12 |
| | | TOTAL | 100 |

## 4.3.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Exclusión social e actividade físico-deportiva. |
| 0Importancia dos programas de actividade físico-deportiva na interacción social, a autonomía e a saúde das persoas en situación de risco de exclusión social. |

| Contidos |
|---|
| Medidas de prevención de riscos, seguridade e saúde nas instalacións onde se realicen as actividades de inclusión sociodeportiva de persoas en risco de exclusión social. |
| Poboacións en risco de exclusión social. Características psicosociais específicas. |
| Modelos de intervención sociodeportiva para situacións de risco de exclusión social. |
| Institucións representativas na oferta de programas: características e orientacións. |
| Participación social na actividade físico-deportiva como vehículo de integración. |
| Actividades físico-deportivas no ámbito da exclusión social. Adaptacións aos programas das actividades físico-deportivas. |
| Obxectivos dos programas de actividades de inclusión físico-deportiva para colectivos en situación de risco de exclusión social. Elementos de coherencia entre as características dos colectivos e as pautas da organización ou institución. |
| Promoción de valores a través das actividades físico-deportivas de inclusión. |
| Estratexias de intervención e recomendacións didácticas para colectivos e persoas en situación de risco de exclusión social. |

## 4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br><br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Explicacóns teóricas do tema: a exclusión social. - Exclusión social, conceptos, poboacións en risco, características, institucións representativas. | • Explicacións teóricas do profesor. | | • Apuntamentos do explicado polo profesor. | • Libro de texto, canón e ordenador. | • PE.1<br>• PE.2<br>• PE.3 | 12,0 |
| medidas de prevención de riscos, seguridade e viabilidade dos programas. - Avaliación dos programas implementados, detención de riscos, seguridade e saúde. | • Explicacións teóricas, exemplificacións prácticas | | • Apuntamentos, exercicios prácticos. | • Libro de texto, canón e ordenador | • PE.1<br>• PE.2<br>• PE.3 | 4,0 |

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br><br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| | | | | | • PE.4<br>• PE.5<br>• PE.6<br>• PE.7<br>• PE.8 | |
| Indagacións sobre o tema - Proba, preguntas ou exame teórico. | • Preguntas relacionadas no exame teórico | | • Preguntas relacionadas no exame escrito | • Preguntas en soporte papel. | • PE.1<br>• PE.2<br>• PE.3<br>• PE.4<br>• PE.5<br>• PE.6<br>• PE.7<br>• PE.8 | 2,0 |
| | | | | | TOTAL | 18,0 |

### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Estratexias de intervención sociodeportiva para persoas maiores | 18 |

## 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA4 - Aplica estratexias de intervención sociodeportiva para os colectivos de persoas maiores, propiciando a súa participación integral nas actividades e relacionándoas cos obxectivos da programación | SI |

## 4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1.1 Comprender, coñecer e analizar diversos contidos do tema. | 1 | Explicacóns teóricas do tema, estratexias de intervención. | 9,0 |
| 2.1 Desenvolver as técnicas de intervención específicas das actividades sinaladas adaptando materiais, espazo.s e recursos | 2 | Exemplificacións prácticas, deportes adaptados, marchas, ioga e outras actividades. | 9,0 |
| | | TOTAL | 18 |

## 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA4.1 Desenvolvéronse as técnicas de intervención específicas para os obxectivos formulados no ámbito motor | • TO.1 | S | 20 |
| CA4.2 Desenvolvéronse as técnicas de intervención específicas para os obxectivos formulados no ámbito cognitivo | • TO.2 | S | 20 |
| CA4.3 Desenvolvéronse as técnicas de intervención específicas para os obxectivos formulados no ámbito social | • TO.3 | S | 20 |
| CA4.4 Utilizáronse e adaptáronse os materiais, os recursos e os espazos de práctica, perseguindo a máxima participación en condicións de seguridade | • TO.4 | S | 20 |
| CA4.5 Avaliáronse os beneficios da práctica de actividade física na saúde e estado de benestar dos colectivos de persoas maiores | • TO.5 | S | 20 |
| | | TOTAL | 100 |

## 4.4.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Estratexias de intervención para a mellora ou o mantemento das capacidades físicas e da funcionalidade. Resistencia, forza, flexibilidade, reeducación do esquema corporal, equilibrio, coordinación, percepción espacial, relaxación e respiración. Batería de tests específicos de valoración da capacidade funcional. |

| Contidos |
|---|
| Actividades físicas dirixidas cara á mellora da condición física orientada á saúde e o benestar en grupos de persoas maiores nos distintos medios: tai chi, ioga, pilates, aerobic e aqua-aerobic. Ximnasia de mantemento. |
| Outras actividades orientadas cara á intervención sociodeportiva. Deportes adaptados. Deportes recreativos. Marchas e saídas. |
| Estratexias de intervención para a mellora ou o mantemento das capacidades cognitivas. Memoria semántica e sensorial, capacidade discursiva, resolución de problemas, toma de decisións e valoración do risco. |
| Estratexias de intervención para a mellora das capacidades sociais. Participación e comunicación. |
| Beneficios e contraindicacións que pode reportar a práctica de actividades físicas na saúde e no estado de benestar dos colectivos de persoas maiores. |
| Espazos e materiais. Adaptacións específicas. Condicións de seguridade nas instalacións sociais. |
| Medidas de prevención de riscos, seguridade e saúde nas instalacións onde se realicen as actividades para os colectivos de persoas maiores. |

### 4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br><br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Explicacóns teóricas do tema, estratexias de intervención. - Estratexias de intervención para a mellora e o mantemento das capacidades fisicas e cognitivas, sociais. | • Exemplificacións dos diferentes programas e tarefas. | | • Exemplificacións prácticas estudos das mesmas | • Ordenador, canon, libro texto outros traballos específicos. | • TO.1<br>• TO.2<br>• TO.3 | 9,0 |
| Exemplificacións prácticas, deportes adaptados, marchas, ioga e outras actividades. - Metodoloxía aplicada, materiais, espazos. | • Sesións prácticas, diferentes propostas. | | • Exemplificacións prácticas. | • Material específico e dispoñible no departamento e no ximnasio. | • TO.4<br>• TO.5 | 9,0 |
| | | | | | TOTAL | 18,0 |

## 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Estratexias de intervención sociodeportiva para persoas con discapacidade | 18 |

## 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA5 - Aplica estratexias de intervención sociodeportiva para persoas con discapacidade, propiciando a súa participación integral nas actividades e relacionándoas cos obxectivos da programación | SI |

## 4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1.1 Desenvolver estratexias de intervención en función das diferentes discapacidades. | 1 | Explicacóns teóricas do tema, estratexias de intervención. | 6,0 |
